

* * *

O ROSAL

A N U N C I O

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola cesión de uso de stands, carpas e mobiliario da feira do viño concello do Rosal.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de maio de 2014, polo que se aprobaba inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola cesión de uso de stands, carpas e mobiliario da feira do viño do concello do Rosal, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese á publicación do texto dos artigos modificados da ordenanza, 1º, 5.4º, 15.1º e 17.1º. A citada modificación entrará en vigor unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia o texto da modificación e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régimen Local:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA CESIÓN DE USO DE STANDS, CARPAS E MOBILIARIO DA FEIRA DO VIÑO DO CONCELLO DO ROSAL:

A. –ARTIGO 1º. –DISPOSICIÓN XERAL:

(Último parágrafo)

“...O prazo de presentación de solicitudes comezará o 1 de xaneiro de cada ano e finalizará o 30 de abril...”

B. –ARTIGO 5º. –NORMAS DE XESTIÓN:

4. – Os stands soamente poderán ser solicitados por adegas ou persoas físicas ou xurídicas destinadas á promoción ou venda de produtos hortoflorícolas, vitivinícolas, ou frutícolas que cumpra os seguintes requisitos:

- I) No caso dos produtos vitivinícolas; Que teñan o seu ámbito xeográfico dentro do Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui) descrito no Regulamento do Consello Regulador como Subzona O Rosal.
- II) No caso dos produtos hortoflorícolas ou frutícolas; Que teñan o seu ámbito xeográfico dentro do Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui e Oia).
- III) Os produtos que se promocionarán serán elaborados e producidos na área xeográfica descrita nos parágrafos anteriores.
- IV) As adegas deberán estar inscritas no Consello Regulador da D.O Rías Baixas.
- V) No caso de existir un Consello Regulador de calquera produto participante, deberá estar inscrito no mesmo con tódolos rexistros correspondentes...”

C.—ARTIGO 7.—NORMAS DE PROCEDEMENTO:

“...1.—Os solicitantes das carpas e stands, previstos no artigo 5º da presente Ordenanza, deberán cumprir a totalidade da normativa vixente en materia de sanidade e seguridade e hixiene, acompañando coa asolicitudude a seguinte documentación:

- DNI/CIF
 - Certificado de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e tributarias co Concello, Xunta e Administración Central.
 - Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os posibles danos que se ocasionen na Feira do Viño polo importe mínimo de 150.000€, ou informe da aseguradora acreditando a existencia deste seguro onde se indique expresamente que pode participar en feiras tanto para carpas como para o stands. Así mesmo o seguro deberá estar ó corrente de pago.
- O Concello do Rosal non será en ningún caso responsable de cantos danos a terceiros puideran se causados, polos participantes na Feira.
- Declaración do alta no IAE no epígrafe correspondente
 - Carné de manipulador de alimentos para aos solicitantes das carpas.
 - No caso de adegas con produción inferior a 50.000 botellas, certificado expedido polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas do número de botellas producidas o ano pasado para gozar do prezo establecido...”

O Rosal, a 27 de agosto de 2014.—O Alcalde, Jesús Mª Fernández Portela.

2014007413

* * *



O ROSAL

A N U N C I O

O Pleno do Concello de O Rosal, en sesión ordinaria celebrada en data 26 de maio de 2012, aprobou a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola cesión de uso de stands, carpas e mobiliario durante a Feira do Viño do Rosal.

Polo que, a través do presente anuncio, procédese á publicación do texto íntegro da citada Ordenanza, unha vez refundido o texto orixinario coas modificacións agora aprobadas:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA CESIÓN DE USO DE STANDS, CARPAS E MOBILIARIO DURANTE A FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

ARTIGO 1º. – DISPOSICIÓN XERAL

En aplicación dos artigos 103.2 e 142 da Constitución Española, 106.1 da Lei 7/85 de 2 de Abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e 41 a 48 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola cesión de uso de stands, carpas, e outro mobiliario, durante os días de celebración da Feira do Viño do Rosal.

Todo aquel que desexe solicitar un posto na feira deberá presentar unha instancia no Rexistro Xeral do Concello segundo modelo facilitado polo mesmo.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 1 de xaneiro de cada ano e finalizará o 30 de abril, non obstante, admitiranse as instancias presentadas con posterioridade sempre que reúnan tódolos requisitos esixidos e queden postos vacantes.

ARTIGO 2º. – OBXECTO

Será obxecto do prezo público a utilización polos particulares de stands, carpas, e outro mobiliario, facilitados polo Concello, durante os días de celebración da Feira do Viño do Rosal.

O concello solo concederá módulos distintos cando concorran causas que impidan axustarse á carpa facilitada polo concello, prorrateándose o importe fixado na presente ordenanza entre os módulos solicitados polo participante.

ARTIGO 3º.—OBRIGADOS AO PAGO

Serán obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas autorizadas para a utilización das carpas, stands e mobiliario previsto no artigo 4º da presente Ordenanza.

ARTIGO 4º.—CONTÍA

1.—O prezo público queda establecido en:

A.—STAND para bodegas con produción inferior a 50.000 botellas:

Polos tres días de feira..... 258,63 €

B.—STAND para bodegas con produción superior a 50.000 botellas:

Polos tres días de feira..... 344,83 €

C.—CARPA:

Polos tres días de feira..... 646,56 €

2.—Os anteriores prezos irán recargados coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.—Os prezos contemplados na presente ordenanza serán independentes do importe que deberá abonar o participante pola utilización do dominio público ó que se lle aplicará a ordenanza do Concello do Rosal reguladora da Taxa por ocupación de dominio público, aplicándose a totalidade do articulado na mesma.

ARTIGO 5º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—As persoas físicas ou xurídicas interesadas en obter un STAND ou CARPA durante os días de celebración da feira do Viño do Rosal, deberán presentar a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2.—Antes do día 15 de xuño o Concello do Rosal, notificará aos solicitantes seleccionados para participar na Feira do Viño a autorización de uso de mobiliario solicitado así como o lugar de situación do mesmo.

Para a situación das carpas seguiranse os seguintes criterios de preferencia:

1º.—Para os participantes nas edicións anteriores, atenderase ao lugar asignado na última feira do Viño.

2º.—Para os novos solicitantes atenderase:

2.1.—Promoción dos produtos da comarca.

2.2.—Antigüidade na orde de presentación de solicitudes.

Os participantes das edicións anteriores deberán presentar igualmente toda a documentación esixida no prazo establecido se non queren perder a antigüidade na situación do mobiliario.

3.—A carpa estará composta de dous módulos de 3x3 m2 e irá acompañada de dez mesas, cincuenta cadeiras, dez parasoles, dez pés de parasoles, mostrador, e vertedoiro.

En caso de que, por motivos técnicos, non se dispoña da carpa descrita, o Concello do Rosal facilitará unha de similares características.

4.—Os stands soamente poderán ser solicitados por adegas ou persoas físicas ou xurídicas destinadas á promoción ou venda de produtos hortoflorícolas, vitivinícolas, ou frutícolas que cumpra os seguintes requisitos:

i) Que teñan o seu ámbito xeográfico dentro do Baixo Miño (A Guarda, Rosal, Tomiño, Tui) descrito no Regulamento do Consello Regulador como Subzona O Rosal.

ii) Os produtos que se promocionarán serán elaborados e producidos na área xeográfica descrita no parágrafo anterior.

iii) No caso de existir un Consello Regulador do produto, deberán estar inscritos no mesmo, con tódolos rexistros correspondentes.

5.—As adegas con produción inferior a 50.000 botellas que queiran gozar do prezo establecido no artigo 4.1.A da presente Ordenanza, deberán acompañar certificado expedido polo Consello Reguladora da D.O. Rías Baixas, acreditativo do número de botellas producidas no ano anterior á solicitude.

6.—A situación dos diferentes stands realizarase por sorteo, agás que por motivos técnicos, sexa necesario situar un determinado stand, nun lugar concreto.

7.—Os danos que se produzan no material, que non sexan consecuencia do natural desgaste, correrán a cargo do autorizado para o uso dos mesmos.

ARTIGO 6º.—NORMAS DE INGRESO E RECADACIÓN

1.—No prazo de 5 días dende a notificación da autorización do uso de carpas, stands e demais mobiliario, os solicitantes seleccionados deberán facer o ingreso do prezo establecido na presente ordenanza na conta designada polo Concello.

2.—No prazo de 5 días dende a finalización da Feira as bodegas deberán facer entrega dos xustificantes de devolución dos cataviños para así poder elaborar a conta xustificativa dos cataviños entregados e devoltos. Posteriormente o Concello notificará ás diferentes bodegas o importe que teñen que efectuar polos mesmos.

3.—Se no prazo establecido no apartado 1, non se efectúa o ingreso do importe do stand ou carpa, entenderase que o solicitante renuncia ao seu dereito a participar na Feira, asignándolle a situación que lle correspondía, ao seguinte na lista atendendo aos criterios establecidos no artigo 5 da Ordenanza.

ARTIGO 7º.—NORMAS DE PROCEDIMENTO

1.—Os solicitantes das carpas, e stands, previstos no artigo 5º da presente Ordenanza, deberán cumprir a totalidade da normativa vixente en materia de sanidade e seguridade e hixiene, acompañando coa solicitude a seguinte documentación:

—DNI/CIF

—Certificado de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e tributarias co Concello, Xunta e Administración Central.

—Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os posibles danos que se ocasionen na Feira do Viño polo importe mínimo de 150.000€, ou informe da aseguradora acreditando a existencia deste seguro onde se indique expresamente que pode participar en feiras tanto para carpas como para o stands. Asímesmo o seguro deberá estar ó corrente de pago.

O Concello do Rosal non será en ningún caso responsable de cantos danos a terceiros puideran se causados, polos participantes na Feira.

—Declaración do alta no IAE no epígrafe correspondente

—Carné de manipulador de alimentos para aos solicitantes das carpas.

—No caso de adegas con produción inferior a 50.000 botellas, certificado expedido polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas do número de botellas producidas o ano pasado para gozar do prezo establecido.

2.—Nos supostos en que o mobiliario a facilitar polo Concello non se atope contemplado na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, délgase na Xunta de Goberno, conforme o artigo 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de Abril, o establecemento da contía a proposta do Servizo correspondente co previo Informe de Intervención Municipal.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS CARPAS E STANDS



- As carpas deberán ter á vista do público os prezos dos seus produtos.
- Non poden vender tabaco.
- As carpas non poderán vender alcol, excepto cervexa.
- Deben respectar os horarios de apertura e peche da feira.
- Prohíbese estacionar dentro do recinto da feira.
- Están obrigados a manter en bo estado a vía pública ocupada, non podendo tirar aceites, desperdicios, envases, envoltorios, e/ou outros desperdicios ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade.
- Os participantes na Feira para descarga de mercadorías deberán solicitar a persoal autorizado a apertura do recinto feiral dispoñendo de 30 minutos como máximo para levar a cabo a mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O Rosal, 1 de xuño de 2012. —O Alcalde, ilexible.

2012005733

* * *